

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 26 de XANEIRO DE 2018**

Orde do día da sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 26 de xaneiro de 2018, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 13/17, do 22 de decembro.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, do 19 de decembro de 2017 ao 22 de xaneiro de 2018.](#)

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

[3.-Aprobación definitiva do expediente de desafectación e cesión de titularidade do predio 129-C no Polígono Industrial de Sabón \(Arteixo\), co número de referencia catastral 1379307NH4917N0001PQ, a favor do Concello de Arteixo.](#)

### **Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente**

[4.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2018, primeira fase.](#)

[5.-Iniciar o expediente de expropiación forzosa con trámite de urxencia, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xullo de estradas de Galicia, para ocupar os bens e dereitos necesarios pola execución das obras seguintes: Modificación do trazado da estrada DP 2204 ao seu paso polo núcleo de Pontigas \(Cedeira\); Ampliación da plataforma e mellora de trazado da DP 8202 Galanas a Cacheiras PK 3+500 ao 4+240 \(Teo\); e mellora da intersección no PQ 0+675 da estrada DP 2502 Valdoviño a Cerdido \(Valdoviño\).](#)

### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico**

[6.-Aprobación do convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño, para regular o proxecto "Xeoparque de Ortegai".](#)

### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

[7.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de decembro de 2017 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de decembro de 2017.](#)

[8.-Toma de coñecemento do informe dos dereitos de difícil ou imposible recadación dos recursos propios, segundo o disposto no artigo 193 bis do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.](#)

9.-Toma de coñecemento do informe do estado de execución dos investimentos financeiramente sustentables aprobados nos exercicios 2014- 2017.

10.-Desestimación das reclamacións presentadas e aprobación definitiva do cadro de persoal, a relación de postos de traballo e o organigrama 2018.

ACTUACIÓN DE CONTROL  
MOCIÓN

I.Moción en defensa da sanidade pública

ROGOS E PREGUNTAS

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO  
26 DE XANEIRO DE 2018**

## CONCORRENTES

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

PSOE

## D. JUAN ALONSO TEMBRÁS

PP

D<sup>a</sup> PATRICIA BLANCO FIDALGO

PSOE

D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ

PP

D<sup>a</sup>. CLAUDIA DELSO CARREIRA

MAREA ATLÁNTICA

D. MANUEL DIOS DIZ

## COMPOSTELA ABERTA

D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO

MAREA ATLÁNTICA

D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO

PSOE

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ÁNGELA FRANCO POUSO

BNG

D<sup>a</sup> ROSA GALLEGU NEIRA

PP

D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO

PP

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA

PSOE

D<sup>a</sup> SUSANA GARCÍA GÓMEZ

PP

D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES

PSOE

D. ANGEL GARCÍA SEOANE

## ALTERNATIVA VV.

D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS

PP

D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO

PSOE

D<sup>a</sup> INÉS MONTEAGUDO ROMERO

PP

D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN

BNG

D<sup>a</sup> MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ

PP

D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS

PSOE

D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO

PSOE

D. XOSÉ REGUEIRA VARELA

BNG

|                                                       |     |
|-------------------------------------------------------|-----|
| D. MANUEL RIVAS CARIDAD                               | PP  |
| D. LUIS RUBIDO RAMONDE                                | PP  |
| D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> GORETTI SANMARTIN REI | BNG |
| D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO                           | BNG |
| D. CARLOS VÁZQUEZ QUINTIÁN                            | PP  |
| D <sup>a</sup> . TERESA VILLASVERDE PAIS              | PP  |

Escúsanse a Sra. Fraga Sáenz e o Sr. López Varela.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e nove minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

#### Sr. Presidente

Moi bo día. Empezamos, hai dúas declaracións institucionais, a primeira en apoio á candidatura de Ponte...nas Ondas! á lista das mellores prácticas co patrimonio cultural e inmaterial da UNESCO.

#### Sr. Secretario

É unha declaración asinada por todos os portavoces dos Grupos políticos desta Deputación, e di así:

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN APOIO Á CANDIDATURA DE PONTE...NAS ONDAS! Á LISTA DAS MELLORES PRÁCTICAS CO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL DA UNESCO**

*PONTE...NAS ONDAS!* é unha asociación de carácter cultural e pedagóxico que, desde 1995, desenvolve actividades educativas e culturais en Galicia e no Norte de Portugal.

Entre os fins da asociación están promover actividades culturais e pedagóxicas así como fomentar a identidade común dos dous pobos dentro dunha perspectiva xeral de integración europea e do mundo lusófono. A estas finalidades acrecentóuselle no ano 2002 o compromiso de traballar na recuperación e difusión do Patrimonio Cultural común aos pobos galego e portugués.

Grazas á cooperación entre escolas de Primaria e Secundaria, desenvolvéronse diversas actividades desde os centros educativos das dúas marxes do río Miño, construíndo unha ponte de comunicación que atravesa a fronteira física dos territorios e descubrindo así un patrimonio común compartido. E todo isto realizouse e realízase favorecendo e promovendo valores que desde a institución

provincial tamén xulgamos esenciais para os pobos e as persoas. Así pois, falamos do traballo interxeracional no coñecemento do patrimonio inmaterial, da cooperación entre comunidades diversas ou do respecto real na igualdade de xénero.

A deputación da Coruña quere tamén recoñecer o traballo de creación de material en todos os ámbitos para a divulgación do patrimonio, a formación de docentes e a incorporación das familias en todo o proceso educativo. É de agradecer o compromiso de todas as persoas que desde *PONTE...NAS ONDAS!*, fan este labor tan importante.

Por todas estas razóns propónse ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte declaración institucional:

A Deputación Provincial da Coruña expresa o seu recoñecemento ao traballo desenvolvido desde *PONTE...NAS ONDAS!* na preservación e salvagarda do patrimonio inmaterial galego-portugués, para o que manifesta o seu apoio para que sexa inscrita na **Lista das Mellores Prácticas co patrimonio Cultural e Inmaterial da UNESCO**, así como contribuír na difusión do proxecto.

#### Sr. Presidente

A segunda é unha declaración institucional en memoria das vítimas do holocausto.

#### Sr. Secretario

Tamén asinada por todos os portavoces dos seis Grupos políticos desta Deputación, e di así:

### **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN MEMORIA DAS VÍTIMAS DO HOLOCAUSTO**

En 2005, a Organización das Nacións Unidas decidiu designar o 27 de xaneiro como Día Internacional en memoria das vítimas do Holocausto, en conmemoración da liberación, nesa data do ano 1945, do campo de concentración e exterminio nazi situado en Birkenau, Auschwitz, onde morreron asasinadas entre un millón e medio e dous millóns e medio de persoas.

Durante a Segunda Guerra Mundial, o réxime nazi e os seus colaboradores asasinaron a aproximadamente seis millóns de persoas da comunidade xudía europea, movidos por unha ideoloxía racista que tamén perseguíu e asasinou a outros seis millóns de persoas, entre eles a xitanos, minusválidos, opositores políticos, homosexuais e membros de outros colectivos.

A Deputación Provincial da Coruña, recollendo o mandato expresado pola ONU na súa Resolución 60/7, e aproveitando así mesmo a celebración do Día Escolar pola Nonviolencia e a Paz o 30 de xaneiro, insta a todas as administracións públicas a elaborar, divulgar e fomentar os programas educativos que difundan entre as xeracións futuras as ensinanzas do Holocausto, co fin de axudar a previr actos de xenocidio no futuro.

O lema das Nacións Unidas para a conmemoración de 2018, “Lembranza e ensinanza do Holocausto, a nosa responsabilidade compartida”, pon de relieve a dimensión universal do Holocausto e resalta que a educación sobre esta traxedia debería fomentar o total rexeitamento da humanidade ante toda manifestación de racismo, violencia e antisemitismo

Así mesmo, a Deputación Provincial da Coruña rexeita e condena toda negación, parcial ou total, do Holocausto como feito histórico.

Por último, a Deputación Provincial da Coruña quere lembrar tamén que entre os millóns de vítimas internadas e asasinadas nos campos de exterminio do réxime nazi, atopábanse milleiros de persoas da cidadanía galega e española de ideoloxía republicana, que padeceron dor e morte, coa necesaria complicidade da ditadura franquista.

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, NÚMERO 13/17, DO 22 DE DECEMBRO.**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 13/17, do 22 de decembro.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DO 19 DE DECEMBRO DE 2017 AO 22 DE XANEIRO DE 2018.**

O Pleno toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, do 19 de decembro de 2017 ao 22 de xaneiro de 2018.

### **3.-APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN E CESIÓN DE TITULARIDADE DO PREDIO 129-C NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN (ARTEIXO), CO NÚMERO DE REFERENCIA CATASTRAL 1379307NH4917N0001PQ, A FAVOR DO CONCELLO DE ARTEIXO.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"A) Aprobar definitivamente o expediente de desafectación e cesión de titularidade do predio no Polígono Industrial de Sabón (Arteixo), con número de referencia catastral 1379307NH4917N0001PQ, a favor do Concello de Arteixo.

Predio no Polígono Industrial de Sabón, no Concello de Arteixo, inscrita no inventario de bens da Deputación na epígrafe 1.1- Inmóbles urbanos, número de orde 44, e descrita como parcela Nº129-C cunha superficie de 2.000 m<sup>2</sup> e ben de dominio público e uso público.

Título de propiedade: Adquisición mediante reversión por renuncia aceptada por acoro do pleno en sesión celebrada o 26/11/1983.

Referencia catastral: Figura identificada na dirección Xeral do Catastro co número de referencia 1379307NH4917N0001PQ cunha superficie de 1.989 m<sup>2</sup>.

Que pasará a cualificarse como ben patrimonial para a súa posterior adscripción polo Concello de Arteixo aos usos que correspondan.

B) Condicións da cesión. Establécense como condicións da cesión as xa recollidas no convenio subscrito polas dúas administracións o pasado 04/12/2014:

1. Que a parcela se dedique a dotación pública destinada a equipamentos, debendo manterse o seu destino durante 30 anos. Se no período citado o Concello decidise, por razón de interese público, a desafectación da parcela e o posterior alleamento conforme ao procedemento legalmente establecido, o importe íntegro da venda destinarase ás obras ou servizos que determinen de común acordo a Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo, no Polígono Industrial de Sabón.

2. O Concello de Arteixo facilitará á Deputación o uso gratuíto da parcela cedida, se a súa utilización fose posible co uso pretendido, polo tempo necesario, nas datas que se fixen de mutuo acordo entre ambas as dúas institucións, durante o prazo establecido no apartado 1.

3. O Concello de Arteixo realizará os trámites e se é o caso, aboará os gastos derivados da correspondente inscrición ou inmatriculación da citada parcela no rexistro da propiedade así como no catastro, e aboará calquera tributo ou cantidade que puidese esixirse derivado da devandita cesión.

4. No non previsto expresamente nas condicións de cesión, aplicarase o Regulamento de bens das entidades locais.

Facultar ao presidente para a sinatura da acta de entrega do ben unha vez aprobado definitivamente o expediente, así como para executar todos os actos necesarios para o cumprimento do presente acordo, así como proceder á súa baixa no inventario de bens da Deputación na epígrafe 1.1 e posterior alta na epígrafe 8.2.1."

#### **4.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2018, PRIMEIRA FASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS 2018 cun presuposto total de **7.799.835,24.-** euros, con cargo á aplicación 0410/4531/61900 que se detalla:

| DENOMINACION        | PRESUPOSTO | CODIGO         |
|---------------------|------------|----------------|
| GRUPO 1A ORTIGUEIRA | 295.940,46 | 18.1100.0001.0 |

|                                                         |            |                |
|---------------------------------------------------------|------------|----------------|
| GRUPO 1B CARIÑO                                         | 129.935,11 | 18.1100.0002.0 |
| GRUPO 2 MAÑON E AS PONTES                               | 243.399,51 | 18.1100.0003.0 |
| GRUPO 3 CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO                    | 156.620,77 | 18.1100.0004.0 |
| GRUPO 4 FERROL E NARON                                  | 179.068,83 | 18.1100.0005.0 |
| GRUPO 5 MOECHE, SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS              | 369.335,11 | 18.1100.0006.0 |
| GRUPO 6 ARES, FENE, MUGARDOS E NEDA                     | 88.148,83  | 18.1100.0007.0 |
| GRUPO 7 CABANAS, MIÑO, PADERNE E PONTEDEUME             | 221.006,31 | 18.1100.0008.0 |
| GRUPO 8 IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR                    | 305.410,91 | 18.1100.0009.0 |
| GRUPO 9 OLEIROS E SADA                                  | 248.801,24 | 18.1100.0010.0 |
| GRUPO 10 CAMBRE, BERGONDO E BETANZOS                    | 293.337,52 | 18.1100.0011.0 |
| GRUPO 11 ABEGONDO, CARRAL E OZA-CESURAS                 | 291.889,84 | 18.1100.0012.0 |
| GRUPO 12 ARANGA, BETANZOS, COIROS, CURTIS E OZA-CESURAS | 277.441,08 | 18.1100.0013.0 |
| GRUPO 13A FRADES, ORDES, OROSO E O PINO                 | 194.045,53 | 18.1100.0014.0 |
| GRUPO 13B BOIMORTO, MESIA E VILASANTAR                  | 309.875,16 | 18.1100.0015.0 |
| GRUPO 14 MELIDE, SANTISO, SOBRADO E TOQUES              | 181.258,13 | 18.1100.0016.0 |
| GRUPO 15 ARZUA, BOQUEIXON, O PINO E TOURO               | 167.480,46 | 18.1100.0017.0 |
| GRUPO 16 ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO                  | 434.434,60 | 18.1100.0018.0 |
| GRUPO 17 CARBALLO, CERCEDEA E A LARACHA                 | 352.819,22 | 18.1100.0019.0 |
| GRUPO 18 CABANA, MALPICA E PONTECESO                    | 309.958,38 | 18.1100.0020.0 |
| GRUPO 19.- CAMARIÑAS, LAXE, MUXÍA E VIMIANZO            | 161.066,42 | 18.1100.0021.0 |
| GRUPO 20.- CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA E MAZARICOS          | 157.359,56 | 18.1100.0022.0 |
| GRUPO 21 AMES, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA          | 200.623,86 | 18.1100.0023.0 |
| GRUPO 22 ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO E VAL DO DUBRA | 282.070,43 | 18.1100.0024.0 |
| GRUPO 23 MAZARICOS, MUROS E OUTES                       | 224.857,29 | 18.1100.0025.0 |
| GRUPO 24 BOIRO, LOUSAME E NOIA                          | 208.099,18 | 18.1100.0026.0 |
| GRUPO 25 BRION, DODRO, PADRON E ROIS                    | 281.579,20 | 18.1100.0027.0 |
| GRUPO 26 AMES, SANTIAGO, TEO E VEDRA                    | 207.036,05 | 18.1100.0028.0 |
| GRUPO 27 BOIRO E RIANXO                                 | 200.773,93 | 18.1100.0029.0 |
| GRUPO 28 POBRA, PORTO DO SON E RIBEIRA                  | 271.562,62 | 18.1100.0030.0 |
| GRUPO 34.- DP 1914 CARBALLO A PORTOMOURO                | 167.793,73 | 18.1100.0031.0 |
| GRUPO 35.- CORISTANCO, SANTA COMBA E ZAS                | 148.109,37 | 18.1100.0032.0 |
| GRUPO 36.- D.P.3404.- SERRA DE OUTES A DUMBRÍA          | 238.696,60 | 18.1100.0033.0 |

2.- Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

**5.-INICIAR O EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA CON TRÁMITE DE URXENCIA, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 22.5 DA LEI 8/2013, DO 28 DE XULLO DE ESTRADAS DE GALICIA, PARA OCUPAR OS BENS E DEREITOS NECESARIOS POLA EXECUCIÓN DAS OBRAS SEGUINTE: MODIFICACIÓN DO TRAZADO DA ESTRADA DP 2204 AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE PONTIGAS (CEDEIRA); AMPLIACIÓN DA PLATAFORMA E MELLORA DE TRAZADO DA DP 8202 GALANAS A CACHEIRAS PK 3+500 AO 4+240 (TEO); E MELLORA DA INTERSECCIÓN NO PQ 0+675 DA ESTRADA DP 2502 VALDOVIÑO A CERCADO (VALDOVIÑO).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Iniciar expediente de expropiación forzosa con trámite de urxencia, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013 do 28 de xullo de estradas de Galicia, para ocupar os bens e dereitos necesarios pola execución das obras.

| CODIGO       | DENOMINACIÓN                                                                                   | CONCELLO     | PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), | VALOR DE EXPROPIACIÓN |
|--------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------|-----------------------------------------|-----------------------|
| 1711100009.0 | MODIFICACION DO TRAZADO ESTRADA DP 2204 A SEU PÁSO POLO NÚCLEO DE PONTIGAS                     | CEDEIRA      | 607.086,65                              | 124.101,88            |
| 1711100010.0 | AMPLIACION DA PLATAFORMA E MELLORA DE TRAZADO DA DP 8202 GALANAS A CACHEIRAS PK 3+500 AO 4+240 | TEO          | 325.595,04                              | 138.543,94            |
| 1711100011.0 | MELLORA DA INTERSECCION NO PQ 0+675 DA ESTRADA DP 2502 VALDOVIÑO A CERCADO                     | VALDOVIÑO    | 175.398,05                              | 11.077,50             |
|              |                                                                                                | <b>TOTAL</b> | <b>1.108.079,74</b>                     | <b>273.723,32</b>     |

2.- Publicar no BOP a relación de afectados e proceder ao levantamento de actas previas á ocupación."

**6.-APROBACIÓN DO CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MOECHE, ORTIGUEIRA, SAN SADURNIÑO E VALDOVIÑO, PARA REGULAR O PROXECTO "XEOPARQUE DE ORTEGAL"**

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 12 deputados (PP)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

"1.- Acordar a iniciación do proceso de creación da Comunidade intermunicipal de Ortegal, que xestionará o proxecto Xeoparque de Ortegal, e da que forman parte a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño.

2.- Designar aos Srs. deputados Xosé Regueira Varela e Juan Vicente Penabad Muras como representantes da Deputación no proceso de creación da Comunidade Intermunicipal de Ortegal que xestionará o proxecto Xeoparque de Ortegal.

3.- Aprobar o texto do convenio que establece as bases de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño, para regular o proxecto "Xeoparque de Ortegal".

4.- A sinatura deste convenio non supón achega provincial ningunha, tan só implica cooperación na xestión, cometidos e traballos propios das accións conxuntas, a través de medios persoais e materiais, co resto de corporacións locais partícipes.

5.- Facultar ao presidente para canto proceda en orde á sinatura e execución do presente acordo.

6.-O texto do convenio é o seguinte:

CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE CARIÑO, CEDEIRA, CERDIDO, MOECHE, ORTIGUEIRA, SAN SADURNIÑO E VALDOVIÑO, PARA REGULAR O PROXECTO "XEOPARQUE DE ORTEGAL"

Na cidade da Coruña, ... de ... de

## REUNIDOS

D...., presidente da Deputación Provincial da Coruña,  
D ..., alcalde-presidente do Concello de Cariño  
D. ..., alcalde-presidente do Concello de Cedeira  
D. ..., alcalde-presidente do Concello de Cerdido  
Dna. ..., alcaldesa-presidenta do Concello de Moeche  
D. ..., alcalde-presidente do Concello de Ortigueira  
D. ..., alcalde-presidente do Concello de San Sadurniño  
D. ..., alcalde-presidente do Concello de Valdoviño

## MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sustentabilidade da xestión pública.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudar os concellos –especialmente os pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter as actividades e os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de actividades e dos servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así como polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sustentabilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rixidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro punto, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección

estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

## **MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS CONSORCIADOS**

Entre ambos os dous puntos, a Deputación Provincial da Coruña, propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios con poboación (ata un máximo de 25.000 habitantes, como cifra orientativa) que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos- serán rotatorios entre os municipios integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

## **ESQUEMA DE OPERATIVO PARA ACTIVIDADES CONXUNTAS E SERVIZOS CONSORCIADOS**

Á hora de incorporar os servizos ou a realización de determinadas actividades conxuntas, e para cada proxecto conxunto, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sustentable o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos da actividade ou servizo, así como as necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sustentabilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluín-te, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

Nesta situación, os municipios limítrofes de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sustentabilidade das actividades e servizos públicos,

## **ACORDAN**

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para implementar e xestionar conxuntamente o **proxecto de Xeoparque Ortegal**, de acordo coas seguintes BASES:

### **Primeira.- Definición.**

1. Os concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de bases de réxime local e na Lei 5/97 de administración local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto **Xeoparque Ortegal**, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.

2. O presente convenio fórmase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, a este resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

3. A comunidade intermunicipal é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida do proxecto Xeoparque Ortegal. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, nin disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

### **Segunda.- Natureza e interpretación.**

1. O presente convenio, formalizado co carácter dunha relación xurídica convencional de carácter administrativo, un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable, que se establece entre os concellos limítrofes de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño, coa participación da Deputación Provincial da Coruña.

2. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.

3. A interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio marco correspóndenlle ao Consello de dirección, despois dos informes emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.

### **Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación.**

1. As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes co fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de Xeoparque Ortegal, no marco das competencias propias que lles corresponden en materia de promoción económica, desenvolvemento territorial e turismo.

2. As actuacións concretas que se van levar a cabo, de conformidade co procedemento regulado na Base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión das actividades que se han desenvolver (memoria, plan director e programa de actuación), serán aprobados polo Consello de dirección que se regula na Base oitava, a partir do momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sétima, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.

3. As actuacións xestionadas conxuntamente, rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sustentabilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial. Debidamente xustificada a insuficiencia de medios destas administracións, procederase á súa contratación consonte co previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.

4. Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia no desenvolvemento deste proxecto, procurárase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración Xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.

### **Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da xestión conxunta do proxecto.**

1. A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos de Cariño, Cedeira, Cerdido, Moeche, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño.

2. As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

3. De igual xeito, tamén se poderá acordar a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, á conservación, defensa e posta en valor do

patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.

#### **Quinta.- Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa.**

1. As reunións e demais xestións que vai realizar o Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento desempeñe a Presidencia.
2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación provincial baixo a responsabilidade do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

#### **Sexta.- Duración.**

1. Ao abeiro do disposto no artigo 49.h 1º da Lei do réxime xurídico do sector público, este convenio terá unha vixencia de catro anos, prorrogables expresamente por un máximo de catro anos adicionais. Xa que logo, as entidades asinantes comprométese a manter a súa participación e a súa vinculación a estas bases, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de catro anos, a non ser que puidera acordarse unha resolución anticipada do convenio por finalización do seu obxecto e finalidade antes de que teña transcorrido o dito prazo.
2. No caso de que algunha das partes instase á súa resolución anticipada, o membro que desexe separarse, deberá manifestar a dita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que esta se pretenda facer efectiva. En tal caso, procederase a constituír a comisión liquidadora á que se fai referencia na base décimo novena.

#### **Sétima.- Procedemento para a xestión conxunta do proxecto.**

1. Para a xestión conxunta do proxecto deberá tramitarse un expediente para redactar unha Memoria e Programa de actuación que deberán contar, entre outros, cos seguintes apartados:
  - Antecedentes, medios persoais e materiais necesarios adscritos, ingresos e gastos orzamentarios.
  - Delimitación e alcance das prestacións que se han realizar concretadas nun Plan director do proxecto.
  - Estudo económico-financeiro, no que se fixen os custos unitarios das prestacións en cada un dos concellos e forma de financialas (recursos xerais, taxas, prezos públicos, prezos privados, transferencias dos concellos e subvencións). No seu caso, este apartado incluírá un borrador de Ordenanza de taxas o prezos públicos. En todo caso, cada concello deberá garantir o financiamento da totalidade do custo que lle sexa atribuído.
  - Estudo técnico-organizativo interno, coa descrición de tarefas a realizar polo persoal e, no seu caso, funcionamento operativo das instalacións.

- Proposta sobre a forma de xestión do xeparque (directa, indirecta, mixta, con prestacións accesorias externalizadas), mesmo coa posibilidade de delegar a xestión na Deputación Provincial da Coruña.
- Formas de seguimento e participación dos concellos na xestión conxunta.

2. Asemade, tamén será un requisito previo para a xestión compartida do xeparque, a aprobación da Memoria e Programa director, así como, no seu caso, ordenanzas reguladoras de taxas ou de prezos públicos, que deberán tramitarse consonte ao seguinte procedemento:

- Aprobación inicial da Memoria e Programa de actuación por cada un dos concellos, así coma, no seu caso, regulamento do servizo, ordenanzas fiscais ou reguladora de prezos públicos.
- Exposición ao público por prazo de trinta días, para o efecto de que as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións.
- Aprobación definitiva por cada concello, coa forma de xestión que se teña determinado, e aprobación definitiva, no seu caso, da Ordenanza fiscal ou de prezos públicos, consonte ao disposto na Lei 7/85 e no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

3. Finalmente, no caso de que se propuxera a xestión das actuacións que vai desenvolver a Deputación, deberán adoptar cada un dos concellos o acordo de delegación e a posterior aceptación da Corporación provincial, coa maioría esixida polo artigo 47.2 h) da Lei 7/85, de bases de réxime local. Neste suposto, á delegación da xestión das actividades ten que engadirse a relativa a xestión e recadación da taxa ou prezo público correspondente, de acordo coas Bases aprobadas pola Deputación para esta finalidade.

#### **Oitava.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.**

1. A xestión compartida do xeparque estará impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. O dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

- a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles a Alcaldía ou concelleira/o no que delegue.
- b) Dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

Sen prexuízo desta composición, o presidente poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, os técnicos ou persoal especializado que conveña nalgún asunto determinado.

3. A presidencia do órgano recaerá no titular da Alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de menor poboación dos partícipes.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custo e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a corporación respectiva.

5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da Deputación, coas funcións da base décimo cuarta.

#### **Novena.- Atribucións do Consello de dirección.**

O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

- a) Nomear o presidente que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.
- b) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a xestión do proxecto.
- c) Aprobar inicialmente e proporlles ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio e a proposta inicial da Memoria, Programa director e acordos específicos para a xestión compartida, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.
- d) Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación das actividades conxuntas, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sustentabilidade.
- e) Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, xestión de servizos públicos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse no desenvolvemento do proxecto.
- f) Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.
- g) Acordar a resolución do presente convenio.
- h) Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

#### **Décima.- Distribución de votos e adopción de acordos.**

1. Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.

2. Con todo, calquera modificación do convenio requirirá o consentimento unánime de todos os membros.

#### **Décimo primeira.- Réxime de sesións.**

1. O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses, e extraordinaria cando así o dispoña o Presidente ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.

2. En tal caso, recibida a solicitude, o Presidente deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.

3. Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.

#### **Décimo segunda.- Atribucións do presidente.**

Correspóndelle ao presidente exercer as seguintes atribucións:

a) Convocar, presidir e dirixir as sesións do Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter Colexiado que puidera crearse ao abeiro do presente convenio.

b) Representar as entidades partícipes en relación coa xestión do proxecto Xeoparque de Ortegal.

c) Velar polo cumprimento do convenio, dos programas de actuación e xestión conxunta e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.

#### **Décimo terceira.- Disposicións xerais.**

1. Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes Bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.

2. Subsidiariamente aplicárase a Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.

#### **Décimo cuarta.- Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.**

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

#### **Décimo quinta.- Recursos humanos e materiais.**

1. Os cometidos e traballos das accións conxuntas poderán ser realizados, de acordo co Plan director, polo persoal das entidades e administracións participantes ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.

2. Para a xestión conxunta utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

#### **Décimo sexta.- A separación dalgún membro.**

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se

produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.

2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte ás accións que se desenvolven conxuntamente, cando así o estime o Consello de dirección, co expediente tramitado previamente para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumplido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia de que de non atendelo procederase á súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo a súa separación definitiva.

#### **Décimo sétima.- Modificación e resolución.**

1. A modificación das presentes Bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.

2. Co mesmo procedemento, este convenio poderá resolverse polas seguintes causas:

- a) Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.
- b) Por disposición legal ou por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.
- c) Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.

3. O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades conxuntas, logo da constitución dunha comisión liquidadora que propondrá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.

#### **Décimo oitava.- Entrada en vigor e aplicación**

1. Unha vez tomados os acordos correspondentes polos concellos interesados e a sinatura deste convenio, no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na Base oitava.

2. O Consello de dirección, unha vez constituído, designará os técnicos responsables da elaboración do Plan director, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte co disposto no presente convenio."

| PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Interinado<br>A1         | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Vacante<br>A1    | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Interinado<br>A1 |                                                            |                                                 |                                                |                                              |
| ÁREA TECNOLOXÍA                                      | ÁREA FILOSOFÍA                               | ÁREA MÚSICA                                  | PERSONAL NON DOCENTE                                       |                                                 |                                                |                                              |
| PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                       | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1               | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1               | TÉCNICO/A DE XESTIÓN ADMON XERAL<br>A2                     | CELADOR/A-SUBALTERNO/A<br>Interinado<br>AP      | SUBALTERNO/A<br>AP                             |                                              |
| PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Interinado<br>10/14/2017 |                                              |                                              | ADMINISTRATIVO/A ADMON XERAL<br>Interinado/c reserva<br>C1 |                                                 | MOZO/A DE SERVIZO AXUDANTE<br>Interinado<br>AP |                                              |

| FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA                | ORIENTACIÓN                    | FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL           | FABRICACIÓN MECÁNICA                           | ELECTRICIDADE                    | MADEIRA                                     | ARTES GRÁFICAS                                 |
|---------------------------------------------|--------------------------------|-------------------------------------------|------------------------------------------------|----------------------------------|---------------------------------------------|------------------------------------------------|
| PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1              | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1 | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Vacante<br>A1 | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>Vacante<br>A1      | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1   | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1              | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1                 |
| PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>Vacante<br>A2 |                                | PROFESOR/A DE SECUNDARIA<br>A1            | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>A2               | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>A2 | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>A2            | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>Vacante<br>A2    |
| PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>Vacante<br>A2 |                                |                                           | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>A2               | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>A2 | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>A2            | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>Vacante<br>A2    |
|                                             |                                |                                           | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>A2               |                                  | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>Vacante<br>A2 | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>A2               |
|                                             |                                |                                           | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>Interinado<br>A2 |                                  |                                             | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>Interinado<br>A2 |
|                                             |                                |                                           | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>Vacante<br>A2    |                                  |                                             | PROFESOR/A TÉCNICO/A DE FP<br>Interinado<br>A2 |


CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE CALVO SOTELO



SERVIZOS XERAIS CALVO SOTELO



CENTRO RESIDENCIAL CULTURAL PAZO DE MARIÑÁN




## FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY

|                                |                                                            |                                         |                                         |                                         |                                                       |                                                   |
|--------------------------------|------------------------------------------------------------|-----------------------------------------|-----------------------------------------|-----------------------------------------|-------------------------------------------------------|---------------------------------------------------|
|                                |                                                            |                                         | DIRECTOR/A<br>Interinado<br>A1          |                                         |                                                       |                                                   |
| PSICÓLOGO/A<br>A1              | ADMINISTRATIVO/A<br>ADMON XERAL<br>C1                      | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>NOCTURNO/A<br>Interinado<br>C2 | CELADOR/A<br>AP                                   |
| EDUCADOR/A<br>Interinado<br>A2 | TELEFONISTA<br>AP                                          | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>NOCTURNO/A<br>Interinado<br>C2 | CELADOR/A<br>Interinado<br>AP                     |
| EDUCADOR/A<br>Interinado<br>A2 | ENCARGADO/A DE<br>PORTERÍA<br>Adscrición provisional<br>AP | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>NOCTURNO/A<br>Interinado<br>C2 | CELADOR/A<br>Interinado<br>AP                     |
| EDUCADOR/A<br>Interinado<br>A2 | TITOR/A DE GARDA<br>Interinado<br>C1/B                     | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>NOCTURNO/A<br>C2               | CELADOR/A<br>Interinado<br>AP                     |
| EDUCADOR/A<br>Interinado<br>A2 | TITOR/A DE GARDA<br>Interinado<br>C1/B                     | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | COCIÑEIRO/A<br>C2                                     | CELADOR/A<br>Interinado<br>AP                     |
| TITOR/A<br>C1/B                | TITOR/A DE GARDA<br>Interinado<br>C1/B                     | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | COCIÑEIRO/A<br>Vacante<br>C2                          | OPERARIO/A SERVIZOS<br>VARIOS<br>AP               |
| TITOR/A<br>Interinado<br>C1/B  | TITOR/A DE GARDA<br>Interinado<br>C1/B                     | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | COCIÑEIRO/A<br>C2                                     | OPERARIO/A SERVIZOS<br>VARIOS<br>AP               |
| TITOR/A<br>Interinado<br>C1/B  | TITOR/A DE GARDA<br>Interinado<br>C1/B                     | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | COCIÑEIRO/A<br>Interinado<br>C2                       | OPERARIO/A SERVIZOS<br>VARIOS<br>Interinado<br>AP |
| TITOR/A<br>Interinado<br>C1/B  | TITOR/A<br>Interinado<br>C1/B                              | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>C2               | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 | AUXUDANTE DE COCIÑA<br>AP                             |                                                   |
|                                | EDUCADOR/A INFANTIL<br>Vacante<br>B                        |                                         | AUXILIAR EDUCADOR/A<br>Interinado<br>C2 |                                         |                                                       |                                                   |

10/11/2017

34

# CENTRO DE DÍA DE MENORES DE FERROL




10/11/2017

35


## CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA

|                                            |                                                                       |                                            |                                                          |                                                          |                                            |
|--------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|----------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------|--------------------------------------------|
| PROFESOR/A DE DANZA<br>A1/A2               | PROFESOR/A DE DANZA<br>A1/A2                                          | PROFESOR/A DE DANZA<br>A1/A2               | PROFESOR/A DE DANZA<br>A1/A2                             | PROFESOR/A DE DANZA<br>A1/A2                             | PROFESOR/A DE DANZA<br>Interinado<br>A1/A2 |
| PROFESOR/A DE MÚSICA-<br>PIANISTA<br>A1/A2 | PROFESOR/A DE MÚSICA-<br>PIANISTA<br>A1/A2                            | PROFESOR/A DE MÚSICA-<br>PIANISTA<br>A1/A2 | PROFESOR/A DE MÚSICA-<br>PIANISTA<br>Interinado<br>A1/A2 | PROFESOR/A DE MÚSICA-<br>PIANISTA<br>Interinado<br>A1/A2 |                                            |
| ADMINISTRATIVO/A DE<br>ADMON XERAL<br>C1   | OPERARIO AUXILIAR<br>SERVIZOS<br>CONSERVATORIO DANZA<br>Vacante<br>C2 |                                            |                                                          |                                                          |                                            |


## BIBLIOTECA PROVINCIAL




## SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS




## SERVIZO DE ORGANIZACIÓN



## SERVIZO DE INFORMÁTICA E ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA



## SERVIZO DE SISTEMAS E SOPORTE



## ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

Hai unha moción fóra da orde do día en defensa da sanidade pública, presentada polos Grupos Alternativa dos Veciños, BNG, Marea Atlántica, Compostela Aberta e PSdeG-PSOE.

### **I.MOCIÓN DOS GRUPOS ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, COMPOSTELA ABERTA, MAREA ATLÁNTICA E PSDG-PSOE EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA**

O día 4 de febreiro de 2018 a cidadanía galega está convocada a manifestar en Santiago de Compostela en defensa dun dereito fundamental como é o do acceso a un sistema público de atención sanitaria de calidade.

A entidade convocante, SOS Sanidade Pública, é unha plataforma que agrupa colectivos de profesionais da sanidade e de pacientes que reclaman a fin das privatizacións e recortes orzamentarios no sistema sanitario, así como a paralización da Lei Galega de Saúde nos termos en que esta foi presentada no Parlamento de Galicia polo Partido Popular.

Os colectivos convocantes entenden que esta reforma da lei sentan as bases para desmantelar os hospitais comarcais, dificultando o acceso a asistencia especializada nas poboacións rurais. Esta reforma da lei, ademais, perpetúa as Estructuras de Xestión Integrada, que someten á Atención Primaria ás Xerencias Hospitalarias, en detrimento da promoción, prevención e atención cercana.

Outra das demandas máis escoitadas nos últimos anos é a da protección da consideración pública do servizo, consideración que se ve dificultada novamente, dado que a proposta de Lei incide na privatización da formación en investigación e innovación sanitaria, ademais de consolidar a forma de funcionamento da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, que xa foi obxecto de denuncias pola presenza dentro desta de distintas empresas multinacionais.

Por último, desde SOS Sanidade Pública denúnciase que a precariedade laboral das traballadoras e traballadores do servizo séguese afianzando e agora vese amparada polo contido desta lei.

Por todos estes motivos, os grupos asinantes desta moción presentamos o seguinte acordo ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña:

- O Pleno da Deputación Provincial da Coruña apoia e anima a participar á cidadanía na manifestación en defensa dun servizo fundamental como é a sanidade pública convocada o 4 de febreiro de 2018 en Santiago de Compostela.

Sr. Díaz Grandío

Moi bo día a todos, como todos saberán, ou todas as deputadas saberán, este próximo día 4 de febreiro de 2018 a cidadanía galega está convocada a se manifestar en Santiago de Compostela en defensa dun dereito fundamental como é o do acceso a un sistema público de atención sanitaria de calidade.

A entidade convocante, SOS Sanidade Pública, é unha plataforma que agrupa a colectivos de profesionais da sanidade e de pacientes que reclaman a fin das privatizacións, a fin dos recortes orzamentarios no sistema sanitario, así como a paralización da Lei Galega de Saúde nos termos en que esta ten sido presentada no Parlamento de Galicia polo Partido Popular.

Os colectivos convocantes entenden que esta reforma da lei sentan as bases para desmantelar os hospitais comarcais, dificultando o acceso á asistencia especializada nas poboacións rurais. Esta reforma da lei, ademais, perpetúa as Estructuras de Xestión Integrada, que someten á Atención Primaria ás Xerencias Hospitalarias, en detrimento da promoción, prevención e atención cercana e próxima á cidadanía.

Outra das demandas máis escoitadas nos últimos anos é a da protección da consideración pública do servizo, consideración que se ve dificultada novamente, dado que a proposta de lei incide na privatización da formación en investigación e innovación sanitaria, ademais de consolidar a forma de funcionamento da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, que xa foi obxecto de denuncias pola presenza dentro desta de distintas empresas multinacionais.

Por último, desde SOS Sanidade Pública denúnciase que a precariedade laboral das traballadoras e traballadores do servizo séguese afianzando e agora vese amparada polo contido desta lei. Grazas.

Vótase a ratificación da urxencia:

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

Sr. Requeira Varela

Evidentemente, no BNG votamos a favor da urxencia para o debate do posicionamento desta Cámara a favor da participación do que ten que ser unha reclamación social, eu creo que poucas cuestións son tan importantes para un Estado que pretendidamente quere ser de benestar, como un dos seus piares básicos, que é a sanidade.

Había unha lei, tanto que se fala do bipartito, tanto nesta Cámara como noutras, había unha Lei de sanidade de 2008, que aínda lle quedaba moitísimo por

facer para desenvolverse totalmente que o propio sector e a propia cidadanía entendía como unha lei que non era mala, que era boa, pero en lugar de desenvolver esa lei pásase a formular unha nova lei que, baixo o punto de vista da nosa forza política, o que pretende é dar pasos de cara a unha privatización total do sistema sanitario galego.

Temos que recordar que esta lei, como ben se dicía por parte do portavoz de Marea Atlántica, elimina as áreas sanitarias, curiosamente é unha lei que pretende achegar a sanidade á cidadanía alonxando realmente esta da propia cidadanía, elimina as áreas sanitarias, pero tamén elimina a Lei de garantías, é dicir, calquera persoa que lle pida unha cita médica ao SERGAS a día de hoxe, para unha consulta ordinaria ou para unha proba, e o SERGAS non lle responde en 45 días, é derivada á sanidade privada, vai ser derivada á sanidade privada. Calquera persoa que solicite unha intervención cirúrxica, ou estean agardando por unha intervención cirúrxica en 60 días non sexa atendida polo SERGAS vai ser derivada á sanidade privada. Baixo o meu punto de vista isto é moi fácil de chegar a unha conclusión, se se recortan recursos profesionais na sanidade pública, polo tanto non se vai poder cumprir cos protocolos de atención en 45 ou 60 días, teranse que derivar, evidentemente, aos usuarios e as usuarias á sanidade privada e isto representa negocio para a sanidade privada, aquí o que se está é evitando o problema que deu a política do Partido Popular en Madrid, por exemplo, onde se fixeron hospitais que logo se privatizaron, e aquí estase optando pola vía aínda máis fácil, que é derivar os pacientes xa directamente aos hospitais privados e, evidentemente, todo é moito máis sinxelo. Moitas veces escoitámoslle á responsable do Partido Popular intervir dicindo que este é un problema que vén derivado do pico da gripe, eu creo que aquí non estamos falando dunha manifestación debido ao pico da gripe, estamos falando dunha manifestación e unha contestación a un modelo sanitario, e as receitas para mellorar a sanidade pública galega non veñen pola saturación que existe hoxe por hoxe nas urxencias hospitalarias por culpa do pico da gripe. Este é un problema que empeza nos PACS, onde se están reducindo especialistas e calquera persoa, polo menos no meu concello e na miña área sanitaria, que quere ir a un pediatra no seu PAC, se non ten pediatra, evidentemente e ten un neno, unha crianza, cun problema, ao final vai ir a unha consulta hospitalaria e iso axuda, efectivamente, a saturar as urxencias, pero o problema non vén de aí, o problema vén do modelo, é un modelo que está precarizando a sanidade pública en beneficio da sanidade privada, e as receitas non pasan, como dicía, polo que dixo o presidente da Xunta o polo que dixo o voceiro parlamentar da Comisión de sanidade do Partido Popular, nin pasa por, en lugar de apilar usuarios e usuarias ou doentes nas urxencias, por apilalos en habitacións, é dicir, levalos para as habitacións e saturar as habitacións, nin pasa por botarlle a culpa aos usuarios dicindo que os hospitais se saturan porque a xente vai ao médico máis do que debía. Polo tanto se estamos diante dun problema, estamos diante dun cambio de modelo e, polo tanto, eu creo que cando está en xogo o sistema sanitario, un dos piares básicos dos estados de benestar, creo que debemos de posicionarnos a favor de que iso non se poña en marcha. Nada máis.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, presidente, simplemente para explicar o noso sentido do voto, cuestión que creo que é innecesaria como consecuencia dalgunha reflexión que tamén me gustaría lanzar hoxe aquí. En primeiro lugar nós votamos en contra da

urxencia desde o momento en que este foi un tema debatido nesta Corporación, neste Pleno, no mes de novembro, o posicionamento político, o resultado da votación está claro, o que pensan os Grupos ao respecto das reformas legislativas e da xestión da sanidade pública por parte da Xunta de Galicia quedou meridianamente claro no mes de novembro e, polo tanto, parece innecesario traer agora unha moción que dá a sensación de que aquí o único de que se trata é de a ver quen está na cabeza dunha manifestación. O sentido do voto foi claro no mes de novembro, polo tanto, que os diferentes grupos, partidos ou coalicións que están representados nesta Corporación se sumen a unha determinada manifestación é unha decisión lóxica, absolutamente soberana, e nós non temos nada que dicir, pero resulta sorprendente o uso partidista dunha institución como a Deputación para que a Deputación como institución se posicione a favor de ir a unha manifestación, con todos os respectos, creo que iso debería de ser manexado con moitísima máis prudencia e creo que a Deputación debería de posicionarse cando o grao de consenso na provincia sexa notorio por non dicir total. Está claro que neste ámbito unha parte importante da provincia, que está representada polo Partido Popular, non comparte as cuestións e os criterios que se lanzan por SOS Sanidade Pública e por algúns partidos que a verdade que é sorprendente o posicionamento que manifestan agora e o que manifestaban no seu día, e o uso demagóxico de cuestións que son meridianamente claras.

O que está claro é que a utilización de recursos privados, é unha práctica complementaria e subsidiaria do uso dos recursos públicos no sistema de saúde de Galicia e de calquera Comunidade Autónoma, o que está claro tamén e é incuestionable é que a sanidade pública galega, a sanidade do SERGAS, é cen por cento pública, os nosos hospitais, con independencia do sistema de xestión son cen por cento públicos, as infraestruturas son públicas e seguirán sendo públicas con independencia da lei que se está tramitando no Parlamento que, por certo, entre outras cuestións, é sorprendente escoitar que rachan e van rematar cos hospitais comarcais, cando o que fai a nova lei precisamente é blindar esas instalacións. Por certo, o persoal sanitario que presta asistencia e desenvolve o seu labor nos centros públicos do Servizo Galego de Saúde é persoal cen por cento público do Servizo Galego de Saúde.

En relación cos concertos, dígoos tamén para deixar claro tamén o posicionamento absolutamente errático dalgún partido presente nesta Corporación. O bipartito que lembraba o Sr. Regueira entre 2005 e 2009 incrementou un 44% os concertos, que foron conxelados no ano 2009 e que tiveron unha diminución do 8,7% desde o 2009 ata o de agora. Por certo, tamén o digo, porque claro, cando se fala de que isto é un desastre, de que aquí o Partido Popular vai privatizar, supoño que haberá que ver outros exemplos en toda España e, polo tanto, nese aspecto creo que Galicia pode presentar uns datos que acreditan a boa xestión do sistema sanitario. En Galicia no ano 2016, o 5,8 do gasto sanitario estaba destinado a instalacións concertadas, cando por exemplo en Cataluña esa porcentaxe é do 25%, en Baleares do 12%, en Madrid do 11,7% e en Canarias do 10,4%. Polo tanto, aquí do que se trata é de prestar un servizo axeitado, que creo que iso precisamente é o que pretende a nova lei, atender correctamente aos cidadáns, cuestión que creo que tamén está garantida, ter un sistema sanitario que estea a altura da demanda dos cidadáns, tamén garantir os dereitos laborais no ámbito sanitario, que creo que tamén iso está absolutamente blindado na nova lei e, polo tanto, cremos que non existe razón ningunha para apoiar esta moción.

Pero insisto, creo que habería que ser máis prudente para tomar decisións como que a Deputación aprobe e apoie unha determinada manifestación que é evidente que é unha manifestación que pode estar apoiada por unha determinada parte da sociedade, pero claramente non por unha maioría clara desa sociedade. Moitas grazas e máis nada.

Sr. Fernández Piñeiro

Por non repetir o argumento. Efectivamente, esta é unha cuestión que xa se tratou en Plenos anteriores, e non imos repetir cá é o posicionamento dos Grupos que penso que quedou claro, pero si partindo da premisa de que aquilo que abunda non dana, entendemos que esta moción vai un pouco máis alá do que se propoñía na moción aprobada no mes de novembro, neste caso fai un chamamento a cidadanía para que participe nunha manifestación que entendemos que o único que fai é defender o dereito que teñen os cidadáns deste país a unha sanidade pública e de calidade, que entendemos, desde o criterio dos Grupos que xa asinamos esta moción, que está en perigo tendo en conta a proposición da lei e as medidas que se están adoptando neste caso pola Xunta de Galicia. Entendemos que vostedes non poidan ou non queiran ou non o vexan así para apoiala, pero en todo caso entendemos que non ten ningún tipo de contradición co funcionamento nin co que debe de ser o posicionamento desta institución. Nada máis e lóxicamente o noso Grupo vai votar favorablemente.

Sr. Requeira Varela

É curioso, segundo sexa a manifestación en todo caso, porque eu estou lendo aquí un titular onde o PP insta a institucións a participar na manifestación por unha sanidade digna, neste caso en Fuerteventura. Entón as mocións preséntanse ou non se presentan segundo nos conveña en cada caso.

Eu, por insistir, creo que estamos diante dun dos piares básicos do sistema do benestar, hai unha preocupación social evidente e eu as persoas que coñezo, que son usuarias, por desgraza para elas, dos servizos sanitarios, as queixas son reiteradas pola falta de facultativos, pola redución de especialidades, pola precariedade cada vez máis evidente do sistema público sanitario.

A derivación ao sistema sanitario privado é algo que, baixo o noso punto de vista, non se pode defender baixo ningún concepto, e polo tanto nós estamos totalmente en contra, e non podemos dicir continuamente que vivimos no mellor sistema sanitario do mundo cando cada vez o precarizamos peor. Efectivamente, vivimos nun bo sistema sanitario, pero estanse dando pasos moi firmes e contundentes en que iso deixe de ser así nun período moi breve de tempo. Polo tanto, hai que evitalo, e nós estamos a favor de que a sociedade se manifeste para evitalo, porque curiosamente, seguramente o Partido Popular cre que a maioría social non vai estar a favor desa mobilización política, pero eu, aínda que é aventurado, eu creo que unha moi boa parte da sociedade que vota ao Partido Popular vai estar a favor do que se solicita nesa manifestación.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (8 do PSOE, 5 do BNG, 2 de Marea Atlántica, 1 de Compostela Aberta e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 12 deputados (PP)

Abstéñense: ningún deputado

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños e o voto en contra do PP, aproba a seguinte moción:

#### **"MOCIÓN DOS GRUPOS ALTERNATIVA DOS VECIÑOS, BNG-ASEMBLEAS ABERTAS, COMPOSTELA ABERTA, MAREA ATLÁNTICA E PSDG-PSOE EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA**

O día 4 de febreiro de 2018 a cidadanía galega está convocada a manifestar en Santiago de Compostela en defensa dun dereito fundamental como é o do acceso a un sistema público de atención sanitaria de calidade.

A entidade convocante, SOS Sanidade Pública, é unha plataforma que agrupa colectivos de profesionais da sanidade e de pacientes que reclaman a fin das privatizacións e recortes orzamentarios no sistema sanitario, así como a paralización da Lei Galega de Saúde nos termos en que esta foi presentada no Parlamento de Galicia polo Partido Popular.

Os colectivos convocantes entenden que esta reforma da lei sentan as bases para desmantelar os hospitais comarcais, dificultando o acceso a asistencia especializada nas poboacións rurais. Esta reforma da lei, ademais, perpetúa as Estruturas de Xestión Integrada, que someten á Atención Primaria ás Xerencias Hospitalarias, en detrimento da promoción, prevención e atención cercana.

Outra das demandas máis escoitadas nos últimos anos é a da protección da consideración pública do servizo, consideración que se ve dificultada novamente, dado que a proposta de Lei incide na privatización da formación en investigación e innovación sanitaria, ademais de consolidar a forma de funcionamento da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, que xa foi obxecto de denuncias pola presenza dentro desta de distintas empresas multinacionais.

Por último, desde SOS Sanidade Pública denúnciase que a precariedade laboral das traballadoras e traballadores do servizo séguese afianzando e agora vese amparada polo contido desta lei.

Por todos estes motivos, os grupos asinantes desta moción presentamos o seguinte acordo ao Pleno da Deputación Provincial da Coruña:

- O Pleno da Deputación Provincial da Coruña apoia e anima a participar á cidadanía na manifestación en defensa dun servizo fundamental como é a sanidade pública convocada o 4 de febreiro de 2018 en Santiago de Compostela."

## ROGOS E PREGUNTAS

### Sr. Dios Diz

Grazas, Sr. Presidente, bo día a todas e todos. A miña pregunta está relacionada coa posibilidade de recuperar por parte da Administración pública a xestión do persoal e dos parques, dos dez parques de bombeiros dependentes do Consorcio provincial que na actualidade prestan servizo a través de empresas privadas.

Hai dous anos exactos, en xaneiro de 2016 tivo lugar un encontro entre representantes das catro deputacións galegas e da Xunta de Galicia, que tamén forma parte dos consorcios, para estudar esta posibilidade. De xeito a verdade que pouco sorpresivo a Deputación de Ourense amosou o seu desinterese neste proceso, pero a Deputación da Coruña si que manifestou ese compromiso, e de feito no pasado mes de xullo o presidente anunciou que a nosa sería a primeira Deputación galega en implantar a xestión directa dos parques comarcais de bombeiros. O procedemento pasaría, segundo afirmou, por convocar un Pleno extraordinario para crear unha comisión que validase o órgano de xestión. Lamentablemente, dígoos porque nós somos favorables a que se inicie este proceso canto antes, desde entón non tivemos máis novas ao respecto. Por iso quixeramos saber que previsións manexa o goberno da Deputación sobre o inicio do proceso para "suprimir" a xestión por parte das empresas privadas do ámbito das emerxencias pública, o cal implicará, como se pode entender, a mellora das condicións laborais dos traballadores e traballadoras do sector de emerxencias da provincia. Moitas grazas.

### Sr. Presidente

Este é un tema complexo do que xa se leva falado aquí, e hai moito interese por parte de todos os Grupos de ter claridade e de ter un pouco o camiño trazado de cal vai ser o futuro da xestión das emerxencias públicas dependentes do Consorcio Provincial.

En calquera caso, é complexo porque se entrecruza con distintas realidades, por unha parte o mapa, o deseño do mapa de emerxencias a nivel galego, por outra parte a irrupción normativa de leis como a Lei de acompañamento dos últimos orzamentos do Estado onde establece algún criterio respecto á incorporación e a fórmula de incorporación ou non, depende da interpretación, de traballadores que estean prestando servizos a través de concesionarias privadas para unha entidade pública. Por outra parte, hai xurisprudencia que tamén determina algún criterio ao respecto, en calquera caso todo se complica no sentido de que afecta a máis dunha administración, neste caso a dúas como é a Xunta de Galicia, a través de Vicepresidencia, que é a competente e as propias deputacións.

Quizais non sexa malo facer un pequeno resumo de como se iniciou todo isto e como está a día de hoxe. Como se iniciou foi a vontade política de distintas forzas desta Corporación en que se estudara con seriedade a posibilidade de recuperar reverter a xestión a través de empresas privadas nun servizo público de emerxencias, de extinción de incendios concretamente. Ese estudo encargouse desde o punto de vista xurídico e desde o punto de vista de sostibilidade económica. Á par tivemos un primeiro contacto coa Xunta de Galicia, como Deputación da Coruña, onde a Xunta establece o seu criterio, un criterio claro, como é o feito de que eles non están incómodos co sistema actual, tampouco se opoñen a un cambio de sistema, sempre e cando esa asunción de nova fórmula de xestión non supoña ningún incremento económico para o que é o 50% do Consorcio que representa a Xunta de Galicia, se a outra administración do 50% quere asumir ese novo incremento porque está convencido da mellor eficiencia na nova fórmula de xestión, non se vai opoñer, o cal a nós dámos digamos a posibilidade de afrontar e de facer unha prospección da posibilidade de cambiar o modo de xestión dos parques públicos.

Encargamos eses informes ao resto das deputacións, salvo a de Ourense, que xa se decantou expresamente pola fórmula actual, e os informes permítenos ter o criterio acorde coa nosa vontade política, é dicir, si é sostible, si é viable, pero non chega con iso, hai que facelo a través dun procedemento que establece o Regulamento de servizos das corporacións locais, e a Lei de bases de réxime local, e o procedemento, como ben dicías, Manolo, é crear unha Comisión integrada por técnicos onde se analicen os aspectos xurídicos, sociais, económicos e laborais de cal é a mellor fórmula, a máis eficiente fórmula de xestión dun servizo público, neste caso de extinción de incendios.

Ese inicio de expediente aprobouse por unanimidade no último Pleno de antes de Nadal, tanto pola Xunta de Galicia como pola Deputación da Coruña, polos seus representantes, e quédanos a determinación da súa composición. Tivemos unha reunión posterior coa Xunta de Galicia, con Vicepresidencia para que designaran os seus representantes e aí houbo un atraso importante porque inicialmente a Vicepresidencia entendía que non querían estar presentes na Comisión, despois mudou o criterio e si mandarían representantes á Comisión, sempre e cando as deputacións, neste caso a da Coruña, como a máis avanzada no asunto, asinara un acordo coa Xunta de Galicia ou certificara a asunción do compromiso de que en caso de que houbera un incremento económico polo cambio de fórmula de xestión, sería asumido pola propia Deputación da Coruña e nunca pola Xunta de Galicia. Eu, persoalmente, como presidente, asinei ese acordo, e polo tanto entendiamos que con iso xa se desbloquearía a designación de representantes, a nosa sorpresa foi que se nos esixe que se traia a Pleno, nós non temos inconveniente en traelo a Pleno, simplemente que dilata o proceso e leva un informe negativo por parte do Servizo porque claro, era asumir un criterio que non se pode asumir sen previamente modificar os Estatutos do Consorcio e facer unha serie de tramitacións que levarían moitísimo máis tempo.

Ao final, a Vicepresidencia da Xunta acepta simplemente a certificación da presidencia e polo tanto xa desbloquea o asunto, e hai un par de semanas designou os seus representantes na Comisión que, como digo, vai ter o labor importantísimo de facer unha memoria final onde se acredite que esta fórmula é máis eficiente desde o punto de vista, como digo, económico, social, xurídico e técnico, que unha fórmula a

través dunha concesión privada. En calquera caso, o resultado desa memoria vai implicar unha petición de autorización para facer unha operación de reversión de fórmula de xestión ao Ministerio de Facenda que finalmente é o que ten que autorizar.

Polo tanto, todo isto é complexo, temos conversas permanentes que entra a sindical dos bombeiros, o próximo día 16 temos unha reunión nas que lles informaremos dos nosos avances, e tamén dos seus avances, porque todos temos deberes, é dicir, no informe xurídico e no informe económico ao final establece algunhas pautas e algún compromiso político e sindical, onde nós nos dotamos dunha estabilidade a medio prazo, é dicir, un prazo de dez anos cun convenio que regula as relacións laborais entre o colectivo e o Consorcio a dez anos vista, polo tanto iso hai que materializalo, que non é tan sinxelo. Eles tamén polo tanto teñen os seus deberes que están a facer con dilixencia e en contacto permanente coa propia Secretaría-Intervención do Consorcio.

E ademais disto mestúrase como digo, o deseño dun novo mapa de emerxencias onde a Deputación quere colaborar proactivamente porque fai falla, porque aquí recibimos en máis dunha ocasión un cambio de criterio e de asunción de maiores responsabilidades por parte do Consorcio e da Deputación, nalgunha moción que se presentou, concretamente polo Partido Popular, respecto dos GES dos concellos con presenza de GES. Por outra parte hai concellos como o de Oleiros, ou como o de Narón que establecen o seu propio servizo, e necesitamos dalgunha maneira conciliar todas esas realidades e, sobre todo, unha, que hai dúas zonas de sombra aínda na provincia que permanecen aí e que, polo tanto, o servizo de extinción de incendios non é o adecuado e que, polo tanto, que hai que resolver.

Se aínda por riba lle poñemos enriba da mesa outro parámetro máis, complexo, que é a vontade dalgúns concellos, como o de Santiago precisamente, de comarcalizar o servizo e dotar de certa racionalidade a súa prestación na contorna metropolitana das cidades, para evitar situacións como que desde o parque de Arteixo teña que ir unha unidade a apagar un incendio a Culleredo e pasar por diante do parque do Concello da Coruña que saíra antes, faría loxicamente un servizo moitísimo máis eficiente, máis rápido, pero iso implica un prezo. Nós temos conversas co Concello de Santiago, de feito o luns temos unha reunión coa Vicepresidencia da Xunta de Galicia, alcalde de Santiago, Presidente da FEGAMP e máis eu, para intentar empezar con Santiago con ese modelo, co que estamos todos de acordo, pero que temos que afinar que xa se avanzou moito no prezo que oferta o Concello de Santiago respecto do que é capaz de ofertar o Consorcio Provincial de Bombeiros. Eu espero que o luns se chegue a ese acordo ou, polo menos, digamos que se acheguen moito as posicións, liderado pola Consellería da Presidencia, que é o que ten a competencia, e o que ten que contar con todos nós para facer o mapa de emerxencias, que non ten que ter criterio político, senón un criterio lóxico de racionalidade e de sostibilidade económica.

Polo tanto, hai avances, non todo o rápido que quixeramos, esperemos que esta sexa a lexislatura da reversión do sistema, pero en calquera caso hai que pasar aínda distintos trámites, cumprir os deberes que temos cada un de nós, tanto a parte sindical como a política, e en calquera caso só quero dicir que a pesar de que temos esa diferenza de criterio coa Xunta de Galicia en canto a cal é a fórmula de xestión, o certo é que a coordinación e a colaboración é moi estreita. Polo tanto, dános a

confianza de que non vai quedar por iso, é dicir, que se ao final non pode ser será por outros motivos e non pola dispersión institucional no asunto.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e corenta e sete minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.